

ENTREVISTA A MONCHO PLACES (2)



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO:	MPG_CaRi_0011_B_id3622_D
AUDIO DE REFERENCIA:	MPG_CaRi_0011_B_id3622.mp4
TIPO DE DOCUMENTO:	Etnográfico xeral
MATERIAL DISPOÑIBLE:	Ficha de contexto e transcripción. Vídeo resumo editado mp4.
DATA DE RECOLLIDA:	mércores, 13 de novembro de 2024
LOCALIZACIÓN:	
Localización:	Astilleros Triñanes
Lugar:	O Chazo
Parroquia:	Abanqueiro (San Cristovo)
Concello:	Boiro
Provincia:	A Coruña
INFORMANTE:	
Nome:	Ramón Places Miguéns
Idade no momento da recollida:	85 anos
Lugar e data de nacemento:	A Ponte Beluso, Bealo (Boiro), 22 de febreiro de 1939
Ocupación:	Mestre carpinteiro de ribeira (xubilado)
COLECCIÓN:	Fondos da Asociación Galega de Carpintería de Ribeira (AGALCARI)
ENTREVISTA REALIZADA POR:	Isabel Vigo Rodríguez (APOI-MPG)
GRAVACIÓN REALIZADA POR:	Fernando Portela (IMACO)
EQUIPO DE GRAVACIÓN:	Sony FX6 e Sony A7SIII
ASISTEN Á GRAVACIÓN:	Gerardo Triñanes e Lita Places (AGALCARI).
DURACIÓN:	11'46"



CONTEXTO:

Vídeo editado das entrevistas realizadas a mestres carpinteiros de ribeira para o *Proxecto de Rexistro e salvagarda do conxunto dos saberes patrimoniais arredor da carpintaría de ribeira* (SI-2024-0261.INT) da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, adxudicado á Asociación Galega de Carpintería de Ribeira (AGALCARI).

A gravación completa (0:42:54) pode consultarse, de xeito presencial, no Museo do Pobo Galego así como a copia deste vídeo editado en maior resolución.

PALABRAS CHAVE: carpintería de ribeira , embarcacións tradicionais

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA E TRANSCRICIÓN: Isabel Vigo Rodríguez

TRANSCRICIÓN DO VÍDEO EDITADO:

A quilla, a quilla claro. Todas as pesas queren o seu. Porque é moi complicado, é moi complicado a cousa de madeira, é complicado. Supoñamos, a primeira peza que se fai, que se fai non, é a quilla. Pero primeiro hai que facer as cuadernas para despois poñerllas na quilla. Para despois facela firme na quilla, non?

Úsanse moitas. Pero a mellor madeira que hai para aquel, non sei, creo que, non sei no castellano, pero creo que é alcornoque. Sobreira, non? Sobreira. Sobreira, nese caso. É así, non? É así o alcornoque, non? Sobreira. Ese é especial para barcos, para a quillas. Por que? Porque non fende por ningún lado. Despois usan eucalipto pero o eucalipto xa non é tan bo. E o roble, tamén ten que ser moi bo, porque o roble aparécelle un erro, un erro que vai, que se mete pola madeira, que se mete agua non hai quen lla tape. Eu, para min, o alcornoque, nós os barcos grandes que facíamos, podendo ser, era alcornoque. Pero, tamén pode ser de outra cousa, porque eso non hai, como decimos, como se suele decir, a sobreira non é un árbol, non é un árbol que, que sea como é eucalipto, que creza logo, entendes? Eso é complicado, é complicado. Pero bueno.

Ai, eran varias, oh. Depende, depende do largo do barco. Nós o barco, ese grande que fixeramos ultimamente, pois, unha, dúas, tres, catro pezas. Catro pezas, unhas empataadas noutras, pegadas noutras, si, oh.

Para unilas, a quilla tiña 25, de alto 25 centímetros, de gordo 24, casi eran cuadradas. Para, para unilas, para unilas, pois, tes que multiplicas o, multiplicas o, o gordo, o alto, polo gordo que ten e sale, vamos a ver, 30, 60, 90. Unha peza empataba, unha chegaba aquí, e outra chegaba aquí. Por medio



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

#3622

de, facíaselle, unha, unha, unha, unha, é unha cosa boa e moi práctica. Eso, e apretabas cunha chaveta no medio, apretabas, e eso case se aguanta case sen clavar nada. Despois levaba unhas cavillas, dúas cavillas entre ela. Nun lado e máis no outro pero aguántase sen nada eso. Parece increíble pero é así. Porque ten o corte, onde vai o corte empatado porque vai así a enganchar no medio. E no outro lado engancha no medio e non ten para onde ir, ou ten que romper todo ou non ten para onde ir. Eso é unha cousa fantástica.

A esa peza chamábanlle unha chaveta e chamábanlle o empalme de quilla. Empalmar a quilla, entendes? Empalmar a quilla. Eso é perfecto, eso non falla nunca. Eso non falla nunca, senón que leve un golpe contra unha pedra, pero non falla nunca eso, non, non. Eso non falla nunca.

O alefriz úsase nos barcos de máis de 10 metros para diante. O alefriz é unha aquela que se lle fai, a quilla é esta (fai xesto coas mans) e o alefriz e esto, fáiselle así por un lado e polo outro do bordo, se o bordo, o forro que metes, ten 4 centímetros pois ti faslle un pico así de un centímetro aquelado e despois o bordo entra neso e despois de aí non escapa, claro. Claro, que eso é un aguante bo, é un aguante moi potente eso. Nos barcos pequenos pois non se estila porque son... pero neses si.

Rematábase todo, facíanse as cuadernas todas, despois facías a roda de proa, a roda de popa, poñías os calzos.

Tiña que ser tiña que ser moi ben armado, tiña que ser fuerte. Cachos de eucalipto, tacazos de eucalipto, non eran todo para unha vez, que xa valían para máis, pero eran fortes, oh. E cando se botaba, pois, polos costados, poñíanlle un anguilado para que o barco fora solo. Alí [en Ponte Beluso] era moi malo de... moi malo de aquelar porque era bastante era bastante a nivel, logo. Tiña pouco desnivel o terreno. Pero facíase así, tiraba un barco por él e listo.

Mira, ao estar traballando na playa, pois sabes que a marea a marea sube e baixa, tiñas que aproveitar, tiña que aproveitar a baixa mar e listo. Despois, como no..., ao ter as cuadernas postas, como no fondo non se traballaba hasta a último, despois poñías unhas estadas, como se fosen andamios. Era estada e cabaleta, ... e ti andabas por riba do mar, pero non pasaba nada. Non é máis nada que eso, é así.

Nós armábamnos primeiro na proa. Poñíase a primeira cuaderna, e unhas tarranchas á proa. A nivel que teñan, supoñamos. Nós armamos, cada tres cuadernas. Poñíamos a primeira, cada tres cuadernas unha distancia, porque tiñas que poñela ca manga, eh, co ancho que tiña en cada sitio, entendes? Ti poñías a primeira, canto ancho ten ese barco? Tanto. atarranchabas xa, poñíala firme, escorada firme, e despois poñías tres. Atarranchadas na máis cunha tabla. Trás, atrás, atrás, atrás, arriba e abaixo. E



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

despois a cuarta, outra vez distancia, do que queres porque as cuadernas sempre se moven un pelín, entendes? E despois outra distancia así hasta terminar, hasta terminar. Nós non facíamos, coño que agora ven aquí, non, non. Ten que ser como é.

A proa unía xa igual ca mesma forma esa de que levaba un dente. Se tivera un bolígrafo aquí xa che decía como era. Leva un dente e despois mete alí unha chaveta a apretar unha contra a outra. Leva un aquel coma de 2 centímetros, según sea o aquel, de 2 ou 3 centímetros, e despois de aí apreta para un lado e para o outro. Apretar para os dous lados.

A popa que se estila agora antes non a había, non se usaba, eh.

- Como era?

Antes era chamábanlle rabo de gallo, directa, máis popa de parrulo, que foi o que se estilos despois do rabo de gallo. Pero antes esta de popa cuadrada non, non era, non, eso foi despois, duns anos, duns anos, duns anos adiante, non. Claro, o da popa cuadrada é moito máis fácil, é moito máis fácil, porque a madeira por alí vai dereita toda pero nos outros hai que virala, e eso leva tempo máis fai falta boa madeira, que non é, que non é dicir que se faga de calquera xeito.

Carballo. As cuadernas, carballo.

Tiña a que lle chaman varenca, xinol que empata na varenca e codillo e pesa alta. Pois de momento vamos con cinco, non?

Normalmente, como ao mellor moitas veces depende como tiña la madeira tes que hilvanar, poñer un pedazo máis pequeno para que tiñas arriba ou tal ou tumba. Eso ten que ser así. Varenca, xinol, peza... codillo e pesa alta. Ese é o que marca. O que sei eu, o que sei eu, o que sei eu.

A tope entre elas, pero clavadas unha noutra. Antigamente aquelábase unha noutra con cavillas de madeira, clavabas una non outra con cavillas de madeira. Por que? Porque a cavilla de madeira non deixa estirar, non deixa estirar a madeira. Dis ti, parece increíble, parece increíble, para min tamén era increíble, pero o clavo deixa estirar e en cambio a madeira non. E a madeira non. Se ao mellor llo dis a un que... di coño, pois eso é mentira, pero eu teño comprobado que é así. Que é moito máis caro ca o clavo, eh? Home, claro, porque tes que facer eses aqueles redondiños e ben aquelados, eh? Home, claro, telo que facer moi ben.

Primeiro enramábase o barco, con todo o aquel, poñíanse as cuadernas todas e despois metíase a sobrequilla, que tiña que metérselle antes de tapar, porque ao ter as cuadernas, non podías meter a



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

sobrequilla. Cando se mete a sobrequilla despois de novo, hai que cortar, hai que cortar un cacho para que entre a sobrequilla por un lado, non, eso descartado. Pero a sobrequilla, pois, despois vai endentada nas cuaderñas leva un leva como a 3 centímetros en cada cuaderña endentada.

Eso había que metela peza a bordo poñíase alí, despois marcar e despois virala co de arriba para baixo para facelo, porque xa lle facías todo. Marcabas o de arriba entre cuaderña e cuaderña, que era o que lle tiñas que aquelar. E despois, co alto que querías dar, marcáballe polo lado, tras, tras, tras, sempre que non che quedara que non che quedara apretado, eh. Demais. Hai que ter coidado con eso. Que senón tiñas que volver a virala, entendes? E se é a peza, a sobrequilla un pouco grande dáche traballo porque é dentro do barco, entendes. Tiñas que ter con moito coidado, marcar con moito coidado, eh. E non pasaba nada, eh.

- A sobrequilla era unha pesa sola?

Si, a sobrequilla era unha sobrequilla sola, unha peza sola.

- E a madeira que máis usaban?

Eucalipto, para eso eucalipto.

Despois, na mesma construción, na mesma construción, pois hai moitas formas. Porque meu pai, o barco tiña que ir todas as pezas á proa. Outros non. Outros facían dentes, dentes, dentes, para tapar. Porque o barco é máis ancho. Vamos a ver, para que entendas ben. As proas van así, van de pé pola proa. Pero despois ven o aquel e van todo por aquí e moito máis ancho no medio que no aquel e claro, facían, fanse dentes, quedan feos. Porque vístelo aí no barco ese¹, que os bordos chegan todo á proa, entendes? Claro, para o que non entende di, é que está tapado. Está tapado, moi ben, está tapado, moi ben, non. Pero ese ves e estaban todos na proa. E meu pai era moi dedicado para eso, que todo tiña que ser como se ve aí no barco. Todo que tiña que ser á proa é dereito e ben perfeccionado. Non que fora así (fai xesto coa man). Ben perfeccionado. Por eso che digo que eu estou acostumbrado a eso.

E quéroche dicir que moitas veces os barcos fanse a como salan e como salan non pode ser. Hai que ser celoso do traballo de un. Non é máis nada que eso, eso é así.

¹ Refírese ao barco da fotografía: MPG_CaRi_0009_i01.jpg